

EU NON SON MADAME BOVARY

[Feng Xiaogang, 2016]

209

ESTREA EN NUMAX: 10.03.2017 | V.O.S.E. | +12

Wo bu shi Pan Jin Lian (2016, 127')

Dirección: Feng Xiaogang

Guión: Liu Zhenyun (Novela: Liu Zhenyun)

Elenco: Fan Bingbing, Dong Chengpeng, Fan Wei, Guo Tao, Li Zonghan, Zhang Yi, Liu Hua, Zhang Jiayi, Yu Hewei, Zhao Lixin

Son: Mango Mok, Yadi Su, Terry Tu, Yijing Zhang

Fotografía: Luo Pan

Produtora: Sparkle Media, Huayi Brothers (China)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP 2K

Idioma orixinal: Mandarín

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Back to 1942, 2012

Aftershock, 2010

If You Are the One, 2008

Assembly, 2007

The Banquet, 2006

A World Without Thieves, 2004

Cell Phone, 2003

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2016 (mellor filme e actriz –

Fan Bingbing–), Toronto 2016

(premio FIPRESCI), Golden Horse

Film Festival 2016 (premio do público e mellor director)

SINOPSE

Li Xuelian e o seu marido Qin Yuhe organizan un falso divorcio para obter un segundo apartamento. Pero seis meses máis tarde, el volverá casar con outra muller. Daquela Li, chea de ira, presenta unha demanda que ha perder, xa que no seu momento cumpriron con todos os procedementos legais. Ademais, Qin agora acúsaa de ter sido impura na súa noite de vodas.

Orixinais e hipnóticas composicións visuais para propor ao espectador un xogo, por momentos, fascinante. Unha fotografía inesquecível.

Luis Martínez, EL MUNDO



EU NON SON MADAME BOVARY

[Feng Xiaogang, 2016]

“É un pracer gozar da arte dun equipo creativo de tan alto nivel”

Por Sheyla O'Malley

Dirixido por Feng Xiaogang e con Fan Bingbing como principal personaxe, *Eu non son Madame Bovary* non é unha revisión da parodia sobre os vicios da burguesía francesa feita por Gustave Flaubert. Tal e como nos advirte ao comezo a voz en off, o filme baséase nun conto moral da China do século XVII sobre unha muller infiel chamada Pan Jinlian que conspira co seu amante para matar ao seu marido. E desde entón as *femme fatale* chinesas son alcumadas como «Pan Jinlian». É un estigma. Semella que o título do filme foi escollido porque «Madame Bovary» ten no público occidental similares connotacións ás de «Pan Jinlian» na China. *Eu non son Madame Bovary*, porén, non trata da infidelidade ou da precaria situación da muller. A cerna do filme esculca a natureza da burocracia, e a infatigábel loita dunha muller contra o sistema. Isto fai que o filme acade consistencia e peso político mesmo cando *Eu non son Madame Bovary* se asemella máis a unha comedia, unha sátira da preguiza e incompetencia do funcionariado chinés.

O Estado, tal e como se amosa no filme, non é tan opresivo como o de 1984 pero tamén se amosa como unha mole xigantesca. A película pobóase de oficiais servís ou burócratas mediocres e aburridos. Todos homes, por suposto. A pesar do seu poder e estatus, cada un deles semella impotente ante a súa firmeza. A súa conduta non chega ao absurdo do caso Jarndyce e Jarndyce, que implicou a varias xeracións na novela de Dickens *Casa desolada*, mais ten similitudes case existenciais. Por que non lle dan o que quere para así librarse dela?

Todo o que ela fai ten o obxectivo de limpar o seu nome. Ten tamén un estraño romance cun amigo da infancia que a pretendeu durante anos pero, mesmo así, ela ten só un obxectivo fundamental. O director do filme, Feng Xiaogang, empregou técnicas distanciadoras no plano visual. Os treitos do rural vense a

través dunha figura circular, cortando as beiras da pantalla, dando a impresión de que observamos a través dun telescopio. Ou a mira dun rifle. Cando ela vai a Beixín, a forma circular desaparece e o cadro vólvese perfectamente cadrado, representando o mundo moito maior no que entra a protagonista. A forma circular limita a posibilidade de movementos na pantalla e fai que cada personaxe teña que ficar no sitio, como unha estatua. A intención é crear o efecto dunha pintura chinesa, como as que vemos ao comezo do filme baixo a voz en off. O estilo elixido require un rigor extremo na posta en escena de maneira que as accións non saian do círculo. O filme é abraiante no plano visual, cos personaxes en miniatura como se mirásenos polo ollo dunha porta.

A escolla cromática é coidadosa e poética: verdes acuosos e grises combínanse con tons rosas difuminados na parte do rural, namentres en Beixín todo é dourado, vermello e branco. Desde o momento en que o personaxe de Li Xuelin vai e volve do campo á cidade (acompañada da electrizante música percusiva de Wei Du), hai un cambio constante nos tons e a forma da imaxe. O estilo de Feng exclúe case totalmente os primeiros planos pois o estrito encadre da imaxe non o permite. O efecto xeral crea tal distanciamento que semella como se os personaxes estivesen no fondo dun pozo.

Non hai un só plano de *Eu non son Madame Bovary* que non sexa interesante ou poida considerarse aburrido. É un pracer ollar a pantalla e gozar da arte dun equipo creativo de tan alto nivel.

Publicado en <http://www.rogerebert.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Madame Bovary, Gustave Flaubert.
Galaxia, 2015

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME